

Os escritores defenden o uso público do Poleiro

REDACCIÓN. celanova - 22-03-2011

As aulas do Instituto celanovés acollerán o vindeiro 9 de abril o encontro nacional de escritores galegos. O acto, convocado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) o Instituto celanovés e a Plataforma polo uso público do Mosteiro, persigue amosar a solidariedade co ensino celanovés e parte dos veciños da vila contrarios ao proxecto municipal, respaldado pola Xunta de Galicia, de construír un novo centro de ensino para transformar o Claustro do Poleiro nun hotel-monumento.



'Entendemos que é preciso continuar manifestando o noso apoio explícito coa sociedade contraria ao proxecto ao tempo que defendemos un ensino público de calidade', subliñaba o profesor e escritor Xoán Carlos Domínguez Albarte, quen recordaba que este non é o primeiro acto no que colaboran a asociación galega e a plataforma, senón que no mes de xuño presentouse a publicación 'En defensa do Poleiro'.

O encontro literario, aberto a toda a cidadanía contraria ao traslado, arrancará as 12,00 horas ca recepción dos escritores e a entrega simbólica de exemplares da súa obra á biblioteca do Instituto. Tralo recorrido polas instalacións, está prevista a visita as exposicións pictóricas sobre a obra de Mane Morán e unha selección de traballos do alumnado sobre a promoción do uso do galego. Un recital de poesía galega pechará os actos fronte aos bustos de Celso Emilio e Curros Enríquez.